



## ¿Cantos habitantes residen en Galicia? ¿e no meu concello?

Estas preguntas non teñen unha resposta única, xa que para un mesmo territorio poden existir cifras de poboación distintas en función da fonte de información utilizada.

### Padrón municipal de habitantes

O Padrón municipal de habitantes é un rexistro administrativo no que figuran os veciños dun municipio. Todas as persoas que viven en España teñen a obriga de inscribirse no Padrón no municipio no que residan a maior parte do ano. O Padrón contén a seguinte información para cada persoa: nome e apelidos, sexo, domicilio, nacionalidade, data e lugar de nacemento, DNI e nivel de formación.

O Instituto Nacional de Estadística (INE), con data de referencia o día 1 de xaneiro de cada ano, realiza unha explotación estatística do Padrón, da que se obteñen as cifras oficiais de poboación para cada ano.

### Censos de poboación


Os censos clásicos son operacións nas que se recolle información de todos os individuos que compoñen a poboación.

En España o Instituto Nacional de Estadística realiza censos de poboación cada 10 anos.



- Ao ser investigacións exhaustivas, permiten un maior nivel de desagregación.
- Permiten obter datos para colectivos que normalmente non están representados nunha mostra.
- Non hai erros de mostraxe.

### Vantaxes



- Ten un custo moi elevado.
- Dificultade para acceder a todos os individuos da poboación.
- Desfase temporal entre o momento de recollida da información e a difusión dos resultados.

### Inconvenientes



No ano 2011, como novidade respecto ás edicións anteriores, implementouse unha nova metodoloxía para a realización do censo de poboación. Deixouse de recoller información de todas as persoas que residen en España e realizouse unha operación estatística que combinou a información procedente de diversos rexistros administrativos e unha grande enquisa por mostraxe (que cubriu aproximadamente o 12% da poboación).

## Proxeccións de poboación

As proxeccións de poboación son estimacións do tamaño e da estrutura da poboación que residirá nun territorio nos próximos anos. Estas estimacións baséanse na estrutura demográfica actual e na evolución dos nacementos, defuncións e movementos migratorios (emigracións e inmigracións) observados.

## Máis información ...

Podes atopar información máis detallada na unidade didáctica de estrutura da poboación do Portal Educativo:

<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Xeografia/Estrutura/Teoria.htm>

